



Dirección Xeral de Formación Profesional

Admisión Formación Profesional 2024-2025

- Cursos de especialización

Instrucións xerais

Índice

1	Introdución.....	3
2	Prazo de presentación de solicitudes.....	3
3	Presentación de solicitudes de admisión.....	3
4	Documentación.....	4
5	Requisitos de acceso aos cursos de especialización.....	4
6	Distribución das prazas dispoñibles.....	4
7	Criterios de prioridade e criterios de desempate.....	5
8	Consulta de información do proceso de admisión.....	5
9	Resolución provisional de solicitudes e reclamacións.....	5
10	Resolución definitiva de solicitudes.....	5
11	Adxudicación de prazas e matrícula.....	5
12	Adxudicación continuada.....	6
13	Liberación de prazas.....	6
14	Remate do procedemento de admisión e matrícula.....	6
15	Número mínimo de solicitudes de matrícula.....	6
16	Acceso de persoas con titulación estranxeira.....	7
17	Acceso á prazas liberadas.....	7
17.1	Procedemento de matrícula en cursos de especialización con prazas liberadas.....	7

1 Introducción

O Real decreto 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de formación profesional, regula no capítulo V do título II os cursos de especialización.

2 Prazo de presentación de solicitudes

O **prazo de presentación de solicitudes de admisión** a cursos de especialización para o curso 2024-2025 será do **24 de xuño ás 9:00 horas ata as 13:00 horas do 4 de xullo**.

3 Presentación de solicitudes de admisión

Para presentar a solicitude de admisión para cursos de especialización hai que ter en conta o seguinte:

- Unicamente poderá presentar a solicitude quen cumpra os requisitos de acceso no momento da presentación da solicitude de admisión.
- As persoas que participen no procedemento de admisión e matrícula para os cursos de especialización tamén poderán realizar a solicitude de admisión a ciclos formativos e a FP dual intensiva.
- Serán excluídas dos procesos de admisión a cursos de especialización as solicitudes das persoas matriculadas en ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT), agás o establecido para as solicitudes de matrícula simultánea.
- Tamén serán excluídas dos procesos de admisión a outras ofertas de formación profesional as solicitudes das persoas nalgunha das seguintes circunstancias:
 - Admitidas (seleccionadas) nun proxecto de FP dual intensiva.
 - Admitidas en cursos de especialización de formación profesional.
- As persoas non admitidas en ningún proxecto de FP dual intensiva ou en ningún curso de especialización continuarán no proceso de admisión a ciclos formativos.

Deberase cubrir unha única solicitude de admisión na que se poderá optar a **catro** cursos de especialización como máximo.

A solicitude realizarase **utilizando o asistente informático** que estará dispoñible en www.edu.xunta.gal/fp. A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resguardo da solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación o indique. Neste caso, para ser unha solicitude válida terá que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, en calquera centro de Galicia con oferta de cursos de especialización sostidos con fondos públicos, para ser selada, datada e validada.

No caso de detectar erros na instancia validada, e só durante o prazo de presentación de solicitudes, poderán xerarse e validarse outra/s solicitude/s de admisión. Só se considerarán os datos da derradeira solicitude validada.

De ser necesaria a entrega, xunto coa documentación, nun centro educativo, poderase presentar a solicitude, cuberta mediante o asistente informático e asinada, en sobre aberto en calquera oficina de Correos de España, para ser remitida por correo certificado co selo de Correos coa data de entrega, lugar, hora e nome da oficina (artigo 31 do Real decreto 1829/1999), e **a persoa solicitante pedirá explicitamente que se fagan constar as circunstancias do envío**, logo da comparación co documento de identidade, segundo o referido artigo. **A solicitude irá dirixida ao centro onde se**

ofreza o curso de especialización para o que solicita a admisión en primeira opción. A documentación presentada que non sexa orixinal deberá estar compulsada; tamén se deberá incluír unha copia simple do documento de identidade. Será necesario remitir, **nos prazos de admisión**, unha copia da documentación presentada e selada mediante correo electrónico ao centro ao que vaia dirixida a solicitude. Os enderezos electrónicos dos centros pódense consultar en:

<https://www.edu.xunta.es/centroseducativos/>

4 Documentación

Nos procesos centralizados de admisión, o asistente informático indica a documentación que é necesario presentar cando a Administración non dispoña dela ou non sexa posible a súa consulta nos sistemas informáticos.

Cando os estudos requiridos para o acceso a cursos de especialización se realizasen en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e en ensinanzas ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, non será necesario achegar documentación relativa aos requisitos de acceso, agás nos casos nos que a Administración educativa así o demande.

Cando o asistente web ou a Administración educativa así o solicite, será necesario entregar xunto coa solicitude:

- DNI ou NIE. Cando non se dispoña del, copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea.
- No caso de non ter realizados os estudos que dan acceso no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, certificación académica da titulación requirida para o acceso no que conste o expediente académico e o depósito do título.
- Para persoas que teñan recoñecida unha discapacidade, documento acreditativo de tal condición, no caso de que non fose recoñecida en Galicia ou cando a persoa solicitante non autorice a súa consulta.
- Para deportistas de alto nivel ou rendemento, documento acreditativo desta condición.

5 Requisitos de acceso aos cursos de especialización

Para poder solicitar un curso de especialización, a persoa solicitante terá que estar en posesión da titulación de grao medio ou de grao superior de formación profesional establecida no real decreto polo que se regula cada curso.

As persoas que non teñan os requisitos de titulación indicados no parágrafo anterior poderán solicitar matrícula en prazos liberadas como se indica no apartado 17 deste documento.

6 Distribución das prazas dispoñibles

Para a adxudicación de prazas no proceso de admisión establécense tres cotas de reserva:

- Cota xeral co 90 % das prazas.
- Cota do 10 % das prazas para persoas con discapacidade legalmente recoñecida maior ou igual ao 33 %.
- Cota do 5 % adicional para deportistas de alto nivel ou alto rendemento.

As prazas reservadas ás persoas con discapacidade que non se cubran acumularanse á cota xeral. A adxudicación de prazas vacantes poderá realizarse desde a primeira adxudicación de prazas.

7 Criterios de prioridade e criterios de desempate

Nos centros docentes onde haxa prazas dispoñibles suficientes para atender todas as solicitudes presentadas, admitiranse todas as persoas solicitantes que cumpran os requisitos de acceso que figuran no real decreto polo que se regula o curso de especialización. Só se aplicarán os criterios de prioridade no caso de que non haxa prazas suficientes para atender todas as solicitudes de ingreso.

As prazas serán adxudicadas ás persoas solicitantes de cada cota que cumpran o requisito de acceso, ordenadas de maior a menor nota media da titulación. Empregarase a nota media que figura no título que dá acceso aos cursos de especialización. De non constar nota media do título, calcularase a nota media con dous decimais de todas as materias ou módulos que formen parte da titulación.

No caso de empate entre varias persoas que soliciten un mesmo curso de especialización, e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado no curso de especialización na matrícula de formación profesional do curso 2023-2024 no que se demande a praza de formación, segundo a táboa publicada no portal de FP.

De persistir o empate, este resolverase empregando como criterio de ordenación os derradeiros cinco díxitos numéricos do documento oficial de identidade (DOI).

8 Consulta de información do proceso de admisión

Toda a información do proceso de admisión a cursos de especialización estará dispoñible no enderezo web www.edu.xunta.gal/fp. Para a consulta da situación individual pódese usar o DOI e o código da solicitude, usuario e contrasinal de edu.xunta.gal, chave 365 e certificado dixital.

Nas datas establecidas, poderase consultar a situación individual das resolucións provisionais e definitivas de persoas solicitantes, así como a relación de persoas admitidas e en espera, no enderezo web www.edu.xunta.gal/ciclosadmisión.

9 Resolución provisional de solicitudes e reclamacións

O día **10 de xullo** poderase consultar a información da resolución provisional de solicitudes para os cursos de especialización.

Establécese un **prazo de reclamacións** desde o día **10 ás 9:00 horas** ata o **12 de xullo ás 13:00 horas**.

10 Resolución definitiva de solicitudes

O día **19 de xullo** poderase consultar a información da resolución provisional de solicitudes para os cursos de especialización.

11 Adxudicación de prazas e matrícula

O día **17 de xullo** publicarase a relación de persoas admitidas e en espera en cada curso de especialización. As persoas admitidas deberanse matricular ou renunciar no prazo abranguido desde o día **17 ás 9:00 horas** ata o día **22 de xullo ás 13:00 horas**. De non facelo perderán os dereitos sobre a matrícula das prazas adxudicadas.

No caso de que algunha persoa con praza adxudicada renuncie a ela ou non se matricule e nese curso de especialización haxa listaxe de espera, o centro procederá a chamar as persoas que se atopen na listaxe de espera polo proceso de adxudicación continuada.

12 Adxudicación continuada

No caso dos cursos de especialización con **listaxe de espera**, abrírase un proceso de adxudicación de prazas vacantes residuais entre o **24 de xullo ás 9:00 horas e o 31 de xullo ás 13:00 horas, e do 2 de setembro ás 9:00 horas ao 5 de setembro ás 13:00 horas**. Os centros con prazas nesta situación, efectuarán chamamentos telefónicos ás persoas que corresponda segundo a listaxe de espera para cubrir as prazas vacantes. As chamadas efectuaranse aos números de teléfono consignados na solicitude de admisión. Procederáse á matriculación das persoas que acepten a praza.

Para cada persoa realizarase un mínimo de tres intentos de chamada separados por media hora. Se constasen dous teléfonos intentarase en ambos. **Se finalmente non se localiza a persoa, pasarase á seguinte da listaxe.**

No caso de contactar coa persoa, explicaráselle que ten a posibilidade de matricularse na praza vacante (pódese dar media hora para o pensar). A persoa ten dúas opcións logo de recibida a información:

- **Renunciar:** a renuncia é exclusivamente a esa praza. No resto das listaxes de espera nas que estivese, non será modificada a súa posición, incluídas as de menor prioridade, xa que este é un procedemento deseñado para cubrir as vacantes residuais do proceso de admisión.
- **Aceptar:** a persoa terá **24 horas** para entregar toda a documentación para formalizar a matrícula e iniciar a actividade lectiva. **Non presentarse no prazo implicará a perda do dereito sobre esa praza.** A aceptación da praza significará a renuncia a continuar no proceso de admisión.

Nesta fase do proceso, cada centro chama o alumnado das súas listaxes de espera de xeito independente, polo que non é posible ter en conta a orde de prioridade que cada persoa establecera na súa solicitude de admisión. Deste xeito, pode ocorrer que unha mesma persoa poida ser chamada desde varios centros diferentes; mesmo unha persoa xa chamada neste proceso e pendente de matrícula pode ser chamada por outro centro.

13 Liberación de prazas

A Dirección Xeral de Formación Profesional poderá liberar as prazas vacantes dos cursos de especialización ata o **20 de setembro ás 13:00 horas** para o alumnado que acredite os requisitos de acceso.

A relación de cursos de especialización coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar na páxina web de formación profesional.

14 Remate do procedemento de admisión e matrícula

O proceso de matriculación rematará o día **20 de setembro**. A partir desta data, non se producirá matriculación ningunha sen autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional. Esta autorización farase por medio da aplicación informática que xestiona a admisión.

15 Número mínimo de solicitudes de matrícula

Consonte a normativa que regula a oferta formativa de ciclos de formación profesional e cursos de especialización, no caso de non acadarse o número mínimo de solicitudes de matrícula de primeira

opción no período ordinario, non se poderán realizar matrículas nin impartir o curso de especialización sen a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional.

16 Acceso de persoas con titulación estranxeira

Debido ás especiais características destas ensinanzas, para xustificar os requisitos de acceso só será válida a credencial definitiva de homologación. Para a adxudicación de prazas empregárase a nota media reflectida nela. No caso de non ter reflectida nota media na credencial definitiva de homologación consígnaráselle unha nota de cinco puntos.

17 Acceso a prazas liberadas

Nos artigos 120, 121 e 122 do Real decreto 659/2023 amplíanse os criterios de acceso do alumnado aos cursos de especialización nos casos nos que se dispoña de prazas vacantes.

Xa que logo, nos cursos de especialización que dispoñan de prazas vacantes para o curso 2024-2025, poderanse incorporar persoas que non posúan algunha das titulacións de técnico ou de técnico superior requiridas no real decreto polo que se establece cada unha destas ensinanzas, tendo en conta que:

- **Nos cursos de especialización de grao medio**, para un grupo de vinte prazas o número máximo de persoas que poden ser admitidas nestas circunstancias é de catro (20 % das prazas ofrecidas).
- **Nos cursos de especialización de grao superior** non hai un número limitado de persoas que poidan ser admitidas nestas circunstancias.
- As persoas que sexan admitidas nun curso de especialización de grao medio sen contar cun título de técnico, ou nun curso de especialización de grao superior sen contar cun título de técnico superior (segundo o disposto nos apartados c) dos artigos 120.3 e 121.2 do Real decreto 659/2023) obterán unha certificación académica de realización con aproveitamento en substitución do título de especialista ou de máster de formación profesional. As persoas nesta situación deberán ser informadas desta circunstancia no momento da matrícula nas prazas vacantes.

17.1 Procedemento de matrícula en cursos de especialización con prazas liberadas

Para se matricular nun curso de especialización con prazas dispoñibles (liberadas), a única condición é cumprir algún dos requisitos de acceso para o curso correspondente segundo o establecido nos artigos 120, 121, e 122 do Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de formación profesional.

A matrícula en calquera curso de especialización con prazas vacantes implica a renuncia a continuar no proceso de admisión de formación profesional e, por tanto, a participar nas seguintes adxudicacións de prazas.

As persoas interesadas deberán formalizar a matrícula no centro educativo no que o curso de especialización teña prazas liberadas. A matrícula realizarase no propio centro por orde de chegada empregando o modelo dispoñible en <http://www.edu.xunta.gal/fp/admision-cursos-especializacion-2024-2025>.